

# III FESTA do VIÑO TINTAFEMIA



# Saúdo


Nesta edición da "*III Festa do Viño Tinta Femia*" a organización márcase novas metas, acordes coas pasadas edicións e sempre coa vista posta no futuro. Pero para alcanzar estas metas, e imprescindible o traballo e a colaboración de moita xente. Por iso, dende a *Asociación Veciñal Santa María de Cela*, quen organiza este evento, quérese agradecer a colaboración prestada por todas as persoas que fan realidade a III Festa do viño Tinta Femia, tanto a parroquianos como a forasteiros, dende os cultivadores ata os bebedores, a todos multitude de gracias.

Mención especial deben ter neste libro, aquelas firmas comerciais e industriais que a través da súa publicidade fixeron posible a publicación deste pequeno libro e ademais ás administracións públicas e entidades financeiras pola súa colaboración.

O noso propósito non é outro que dar a coñecer ás nosas xentes, e a todos os que nos visiten, un dos nosos produtos gastronómicos, que complementa, coa súa aportación, a rica gastronomía deste concello de Bueu; e por suposto, unha vez máis, a celebración desta festa é a escusa para a reunión fraternal da nosa vecindade nun dos tan agradables festexos, sen que por esta vez a guitarra e a batería sexan a atracción, senón un bo carolino de viño Tinta Femia no medio dunha degustación colectiva, á que tan acostumbrados estamos por estas aldeas.

**Para todos un saúdo e boa festa.**

***Asociación veciñal Santa María de Cela***



# Comité Organizador

José Gayo Santomé

Enrique Crujieras Castro

Francisco Javier Lobería Pastoriza

Benito Bernárdez Santomé

Benito Lorenzo Graña

Pilar Pérez Gesteiro

Celso Estévez Gonzalez

Manuel García Lobería

Alejandro Cobas Piñeiro

Jose Carballo Gallego

José Curra González

José Castro García

Cristina Santomé Freire

Eva Lobería Ave




# Cosecheiros participantes

- Agustín Lobería
- Agustín Resille
- Emilio Portela
- Francisco Villanueva
- Jaime Freire
- José Currás
- José del Río
- Julio Riobó
- Manuel Fazanes
- Manuel Pousada
- Manuel Riobó

# PROGRAMA DE FESTAS

## VENRES 7 DE XULIO

- 19:00 Apertura da III FESTA DO VIÑO  
TINTA FEMIA a cargo do  
xornalista **Santiago Davila**
- 20:00 Cata de viños
- 21:30 Actuación  
**Xarangallo Mangallo de Marín.**




.... comezamos a festa ,  
onde podremos degustar o  
noso viño Tinta Femia,  
acompañando a este de :  
carnes a brasa, pulpo,  
carne ó caldeiro,  
empanada,...

# PROGRAMA DE FESTAS

## SABADO 8 DE XULLO

- 11:00 Iniciación da festa pola  
**Banda de Música Artística de Bueu.**
- 12: 45 Recepción das autoridades
- 13:00 Pregón ó viño Tinta Femia,  
a cargo de **Pepe Barreiro**
- 21:00 Actuación do grupo de música Folk  
**"Ardentía".**




... ó longo de todo día  
seguiremos degustando o  
noso viño, acompañando a  
este con : carnes a brasa,  
pulpo, carne ó caldeiro,  
empanada

# PROGRAMA DE FESTAS

DOMINGO 9 DE JULIO

- 11:00 Comezo do día a cargo do grupo de gaitas "**Manxadaira**".
- 18:00 Entrega dos premios da III festa do viño Tinta Femia ós galardonados.
- 19:00 Actuación do grupo de baile "**Retrouso**" de Cela.
- 24:00 Pecha da III festa do Tinta Femia.



... neste terceiro día continuaremos coa degustación do nos viño, acompañando a este con: empanada, pulpo, carne ó caldeiro....

## O NOSO VIÑO TINTA FEMIA

Nos nosos tempos, é ben coñecida por todos a diversidade gastronómica da que disfrutamos nestas terras galegas. Este coñecemento dáse gracias á labor e tenacidade con que moitas xentes traballan para mostrar os nosos propios productos, tan tradicionais como "made in Galicia", e colaboran, dun xeito moi importante, á apertura de novas vías económicas e turísticas que enriquecen as nosas terras.

Este é un deses casos, onde se une o esforzo colectivo de moitas xentes, dende os cultivadores ata os degustadores, para ofrecernos o viño Tinta Femia nacido da cepa torta; un esforzo en consonancia coa próspera proxección que dende fai anos está tomando esta parroquia, ¿e quen sabe? Quizais no futuro, o noso *Tinto* se convirta nunha sólida base económica para esta parroquia, e participe deste xeito da nova economía globalizada.

O viño Tinta Femia é o noso embaixador máis ala das fronteiras parroquiais, o que nos identifica coa súa calidade, o seu aprecio; un viño suave, cunha graduación media e apto para o disfrute de calquer refinado padal.

A súa explotación está orientada , basicamente, a un consumo doméstico e particular, aínda que en moitos casos se soe introducir unha pequena parte das colleitas no mercado, coa súa venda a tabernas, bares e restaurantes.

Segundo as primeiras noticias, as primeiras cepas de viño Tinta Femia chegaron polas mans de monxes do antigo Mosteiro de Hermelo, alá polos séculos X- XI, polo que se pode considerar unha especie autóctona. Dende este lugar o seu espallamento foi en totalas direccións: Beluso, Bueu, Meiro, Ardán,... e como non o seu principal lugar de cultivo, Cela.



Esta cepa, de caste tinta foi a que máis se cultivou nesta zona durante séculos, mais por unha banda a necesidade de especies máis productivas para satisfacer o consumo que neste século creceu notablemente, e por outra, as sucesivas epidemias en tempos pasados; desprazou a súa plantación a un lugar máis reducido, a favor doutras cepas foráneas. Quizais este reducido cultivo contribuíu a un especial trato de coidado a estas plantacións, así como un auxe da súa calidade.


O viño Tinta Femia dáse en terreos soleados, que non sexan nin moi húmidos, nin excesivamente secos, mais ben semi-secos. O seu cultivo espállase en parras de alabre (aínda que perduran as antigas de madeira) dunha altura media, dependendo do lugar onde estean.

6 Numerosos son aos labores de coidado que se lle prestan ó Tinta Femia ó longo da colleita, dende a poda ata a vendimia. Entre os meses de xaneiro e febreiro, lévase a cabo a poda das vides, onde se seleccionan os brazos das videiras que se van deixar para a futura produción do froito. Despois da poda vén o labor de atar, as videiras deixadas na poda, cunha vimbia fina, (ultimamente a maioría átanse cunhas modernas cintas de plástico). Unha vez que as cepas broten, entre os meses de marzo e abril, comézase coas primeiras mans de sulfato e outros produtos para unha mellor conservación das uvas e do seu labor(a folla); este proceso faise durante períodos quincenais ou de tres semanas ata unhas semanas antes da vendima, que se deixa a viña libre de toda fumigación, para que as uvas non leven restos destes produtos óseren recollidas.

Cando a uva alcanza o seu grao de maduréz, cunha dulzura e sabor óptimos, comeza a vendima, normalmente arredor do mes de setembro. Os racimos de uvas son recollidos coidadosamente, e sácanselle tódalas uvas podres, verdes ou en mal estado que baixa, para posteriormente depositalas nunha cestas, onde se transportan hasta a bodega.

Unha vez na casa, as uvas estrúganse para sacar o mosto máis líquido posible, e logo pose todo nun barril a fermentar, unha media de 5 días. Chegados a este momento, xa temos viño novo, que se saca por unha "canilla" ou billa para unha cuba ou barril baleiro e limpo onde repousará o longo inverno; o resto do bagazo estruxado pásase a lagareta para sacarlle todo o viño que aínda queda na uva pisada. Xa o último proceso que levará o bagazo despois do prensado é a súa destilación para a extracción de augardente.

A primeira cata da calidade deste viño realízase o primeiro día de novembro, o día de tódolos Santos, día no que por tradición se soe xuntar un grupo de amigos "os catadores" e fan a tradicional cata dos viños polas bodegas dos seu compoñentes, acompañados dunhas castañas ou nozes e sobre todo un bo viño para regar a gorxa, a noite faise curta.




## UN VIÑO, UNHA HISTORIA

Agora sen retirarnos desta acollidora parroquia, ó tempo que facemos unha degustación dun bo viño, deixámonos levar polos nosos sentidos e emprendemos un percorrido pola nosa historia, un pasado moi acariciado polo mar que nor baña, pero sen deixar atrás a terra que durante tantos anos nos tivo escravos dela.

Para encontrar os primeiros indicios de asentamentos humanos nesta zona, temos que trasladarnos ata datas moi remotas, á época da prehistoria, onde as poboacións eran reducidísimas. Numerosas son as mostras esparcidas pola parroquia que abalan estas afirmacións. Os restos atopados forman ,fundamentalmente, parte de monumentos fúnebres, ferramentas e algunhas mostras de arte rupestre. No caso das primeiras, hai contabilizadas ó menos catro mámoas (dólmens cubertos de terra) esparcidas por diversos puntos de Cela, todos eles en lugares xeograficamente altos, como en Paralaia, en Forno de Arcas, nas Chans de Hermelo ou na Costa Grande; a función que cumprían estas mámoas era a de "nichos", onde enterraban ós mortos cos seus enseres.

É de supoñer, que estes poboadores primitivos tivesen algunhas ferramentas coas que desenvolver as súas tarefas diarias, eso si, ferramentas escasas e con múltiples funcións orientadas a supervivencia ; os restos encontrados, ó contrario que no caso anterior, foron achados en lugares próximos ó mar. A pezas que máis abundantemente apareceron foron: unha machada de pedra pulimentada en Lapamán, outra machada de pedra tallada no lugar da Paradela, e tamén preto de aquí, foron encontrados varios raspadores de cuarcito.

Os restos de arte rupestre, aínda que sexan moi cativos, si existen na parroquia; no lugar da Teixugueira e moi recentemente foron encontrados uns pequenos grabvados rupestres nunhas pedras situadas nas Chans de Hermelo, a escasos metros da Cruz.



*Fotografía dos restos da Mámoa de Forno de Arcas, situada no lugar de Forno de Arcas, (Chans) Santa María de Ceda*

## *Os primeiros poboadores da parroquia*

É coñecido que antes da chegada dos romanos a esta comarca do Morrazo, existían outros pobos prerromanos. Estes pobos xa posuían uns xeitos de vida máis evolucionados que os antigos da prehistoria, xeralmente son asentamentos estables e con máis útiles para o traballo; posiblemente a súa actividade máis importante fose a agricultura e a pesca(na praia). Topónimos como "Castrelo", "Senra", "Castelo" (Xa na veciña parroquia de Ardán) indícanos a existencia de algún poboado celta que hoxe en día se atopará soterrados nestes lugares. No caso do Monte da Senra, cando se fixeron as excavacións para a construción dunha casa, foron atopados os restos dun pequeno castro. No último, O Monte Castelo, atópanse os restos, tamén, dun pequeno castro, situado na parte Noreste. Neste lugar ademais dos restos dos muros, foron encontrados algúns útiles de traballo polos arqueólogos do Museo de Pontevedra.


## *Os romanos*

Como na meirande parte de Galicia, os colonizadores romanos que nos primeiros séculos estiveron nas nosas terras, deixaron multitude de pegadas. A península do Morrazo conta con numerosos restos romanos, recuperados hoxe en día do fondo mariño; anclas, ánforas, botixas de barro, restos de portos (como o descuberto en Pescadoira),... Mais, nos só se limitaron a navegar polas costas galegas, os romanos dispuxeron de amplas calzadas que comunicaban toda Galicia co resto do seu imperio: norte da península, co norte de Portugal,... por estas terras do Morrazo, pasaba unha destas calzadas, que partía de Pontevedra e remataba en Cabo Home, onde existiu un faro Romano

Esta calzada viña bordeando a costa hasta Cela, onde no lugar da Torre se desviaba hacia o interior; subía pola Barraca hacia o Outeiro de Bueu. Na actualidade a maior parte desta calzada romana está destruída ou soterrada por outras estradas de recente construción, aínda que en certos lugares se pode pasear por riba da calzada empedrada, por exemplo no lugar do Torrón, polo camiño que sube por onde a "Casa Grande".

Outros restos da estancia romana na nosa parroquia, foron descubertos arredor dos anos setenta, no lugar de Sabarigo. Na reforma dun muro apareceu unha "estela" funeraria que foi trasladada ó Museo de Pontevedra. Este monumento fúnebre, consta dun granito de forma rectangular rematada a parte superior en medio arco, cunhas dimensións de 1,96x 0,48x 0,27 m e nunha das súas caras aparece tallada a figura dun humano e unha media lúa, e debaixo unhas inscricións latinas que fan referencia á persoa falecida. Esta Estela é unha das máis vellas das que están catalogadas por toda a provincia, a súa feitura data do século IV d.C.

*Fotografía da  
Estela Romana  
de Sabarigo,  
Atopada nunha  
casa da parroquia  
(Sabarigo)*



## *O nacemento de Cela como parroquia.*


O seguinte punto na historia con relevante interese para esta parroquia, foi a fundación en Hermelo do mosteiro de Santiago de Hermelo, arredor do século IX por un tal Pedro Monge, baixo a orde Benedictina. Este mosteiro será o centro irradiador de todo asentamento relixioso levado a cabo posteriormente na xeografía do Morrazo. No século XVI pasa a depender do Mosteiro de Poio, e é lle outorgada a labor de ser a institución recaudadora no Morrazo dos tributos que a poboación morracense pagaba ó Mosteiro de Poio. Na súa época de maior esplendor este pequeno mosteiro, hoxe reducido a unha pequena igrexa, chegou a ter algo máis de media ducia de monxes, adicados básicamente á labor relixiosa e a agricultura. Foron estes monxes os que trouxeron a estas terras de Cela a famosa vide a que se lle adica esta "Festa do Tinta Femia".

*Mosteiro de Hermelo*  
*Parroquia de*  
*Sta. Mariña de Cela*



As primeiras referencias documentales de Cela aparecen baixo a denominación de "Santa Maríe de Celli" arredor da data de construción da Igrexa románica, finais do século XII, construción levada a cabo baixo a influencia da Orde de "Los caballeros Sanjuanistas", no actual lugar do Iglesiasario, e que sirviu como elemento aglutinador da poboación arredor de todo o mundo místico-relixioso. Bastantes anos máis tarde, como propiedades de ditos cabaleiros, aparecen citados diversos lugares da feligresía de Cela como "O Casal", "Candeira", "Sequeiro do Sar" e "Eira dos Mouros" propiedades arrendadas a Andrés Sanches de Gres por Álvaro Páez de Sotomayor por unha cantidade de "200 maravedíes polo día de Pascua, postos en Rivadavia". Este patrimonio que a orde Sanjuanista posuía en Cela, voltou a ser aforada a Leonardo Gil de Barragán no ano 1495. As xentes que a el lle tiñan que pagar, facíano en especias( " das viñas un tercio,

dous celemíns-medida de capacidade- mediados de millo e centeo"). Un século máis tarde estas propiedades pasaron a mans do Priorato de Castrelos de Vigo. Outras institucións relixiosas como o Mosteiro de San Salvador de Lárez tivo unha propiedade nesta parroquia, coñecida como o "Casal" datada sobre o ano 1265 aprox.



*Iglesia Parroquial de  
Santa Mariña de Cela*



**CALZADOS**

**Riobó**

Zapatos  
Bolsos  
Complementos

Pazo/ Pontenla, 36 - Telf. 986 32 02 67 - Bueu - PONTEVEDRA

*Nosa señora de Ceta  
e moi amiga das uvas  
e San Martiño de Bueu  
das sardiñas cabezudas.*

*Nosa señora de Ceta  
fixo unha casa na illa  
para ver ós mariñeiros  
como pescaban na ría.*

Non son estas anteriores as únicas referencias arquivísticas de foros que aparecen sobre terras nesta parroquia; no ano 1495 ante o notario Juan Álvarez, declárase o " foro de Doña Sancha de Lobera, en Cela; por unha fanega de trigo e unha de centeo e cuarta parte do viño" Descoñécese o lugar concreto aforado, e tamén o tomador da cuantía en especias (trigo, centeo e viño) pagada.

### *Historia dunha parroquiana do lugar*

Unha anécdota curiosa ocorrida aquí en Cela a principios do século XVII, é o arresto e posterior xuízo feito polo tribunal da Inquisición a unha tal Catalina P., acusada de bruxería; o feito foi que Catalina tiña unha filla moi fermosa da cal un comisario do Santo Oficio estaba namorada , e este comezou a perseguila, mais a súa nai negouse a tal. El, indignado pola actuación de Catalina, e empregando o seu cargo no Santo Oficio, denunciouna por bruxería; para iso levou varios testigos-influídos- para declarar no xuízo en contra de Catalina por prácticas sospeitosas de bruxería e facer a negación de Deus. Algún do testigo declarou que ela dixera unha vez: "Renego de Dios e de seus Santos".(cousa que ía en contra da Igrexa católica). Posteriormente o Tribunal dictou Tortura para Catalina Pernas, mais ante as clemencias dela, ó terceiro día o tribunal voltou a unha segunda declaración, onde se descubriron os testigos falsos; así, despois de pasar varios días sometida a fortes torturas e humillacións, foi posta en liberdade.

## *A época das casa nobres*


Seguindo o noso percorrido pola historia desta parroquia, convén pararse a comentar a influencia que aquí tiveron as diferentes familias nobiliarias, que dende os seus pazos dirixiron as rendas da parroquia durante dous longos séculos. Aínda que Cela non chegou a albergar ningún "gran pazo", si estiveron presentes familias con certo poder económico, que residiron en casas blasonadas como a "casa grande do Torrón", "a casa de Friande" o "A Casa da Torre".

Sen dúbida, a máis importante de todas elas foi a "Casa Grande do Torrón", situada no propio lugar do Torrón. As primeiras noticias que coñecemos sobre este pazo son do século XVII, século no cal se leva a cabo a súa fundación por un membro da Familia "dos Aldao", cal deixa constancia nos dous escudos que aínda hoxe se poden ver; a diferenza que o resto das casas blasonadas, esta alberga dentro do seu recinto unha pequena capela, "capela de San Antón" construída en 1732. Como familia nobre que era, "Os Aldao" posuíron numerosas rendas na parroquia, que cobraron todos os anos en especias, e así solidificaren o seu dominio social; cómpre sinalar que esta familia posuíu outras propiedades fóra da parroquia, e en lugares tan distantes, como nas por entón descubertas terras de América.

Como proveito da orografía do terreo, asentouse no lugar da Torre, unha pequena fortificación, ó parecer provista dunha torre, da cal hoxe a penas se conservan algunhas pedras no medio da maleza. A súa construción remóntase a dous-tres séculos máis temprana que da anterior, en torno ós séculos XIV- XV. A posteriori a penas se coñeceron noticias sobre esta residencia nobiliaria, salvo a súa conversión a un apeadero entre os anos 1691-1695.

. A familia que dirixiu os destinos desta pequena fortificación foi nun principio a familia dos " Condes de Maceda", mais anos posteriores, entra a formar parte a nobreza dos "Sotomayor", tal como se pode ver nos dous blasóns que hoxe se conservan.


De importancia menor, é a "Casa de Friande"; propiedade dun membro da baixa nobreza, posiblemente dalgún "escudeiro" ou fidalgo. Tan incerta é a súa data de construción como a da Familia a que pertenceu; os primeiros indicios apuntan a familia "Troncoso de Lira" a cal tiña tamén unha pequena casa solariega na veciña parroquia de Ardán.



*Capilla do Interior  
da Casa "Grande"  
do Torrón  
(Sta. María de Cela)*

## *Desenvolvemento económico e social desta parroquia*

Non coñecemos ata que punto influíu o mecenazgo destas familias no desenvolvemento económico e social desta parroquia, como o fixeron noutros lugares; o que si parece claro é desenrolo desta parroquia como unha gran potencia agrícola, con respecto as súas limítrofes. Os principais cultivos foron sobre todo os de millo, patacas, algúns cereais e viño. Como mostra desta importancia, referenciar o inventariado de muíños que a parroquia posuía no século XVIII, no "interrogatorio do Marqués da Ensenada", onde se contabilizaban cuarenta e tres muíños, algo máis da metade dos contabilizados en todo o actual municipio. Dentro deste inventariado, aparece especificado o tipo de muíño que é (cubo ou de canle), o seu nome e os seus propietarios.



*Foto do Muíño do Tombo  
Río Devesanova (Sta. María de Ceda)*

O anteriormente mencionado catastro constitúe unha das máis importantes fontes estatísticas que existen destas terras do Morrazo no século XVIII; este catastro consiste nun interrogatorio feito baixo xuramento a veciños destas terras polo Marqués da Ensenada, no cal se recolle todo tipo de datos: foros, terras comunais, muíños, poboación, actividades e traballos, propiedades eclesiásticas e nobiliarias, minas, gando,... Deste inventariado feito no ano 1752, coñecemos que nesta parroquia había trinta mariñeiros, doce dornas de pesca, así como una lancha; un único zapateiro e xastre para toda a parroquia e tres curtidores de peles,... son algúns dos curiosos datos que podemos atopar neste documento.

Como cabe intuír, a actividade mariñeira tamén estivo na presente no transcurso da historia; en datas posteriores ó catastro do Marqués da Ensenada, recollemos a captura de 8000 millares de sardiña 100 quintales de abadexo no porto de Cela ( praias de Portomayor e Agrelo) no ano 1804, sobrepasando con creces a cantidades de 300 millares de sardinas capturadas no porto de Bueu. Praias como as de Portomayor ou Agrelo convertíronse en torno a esta época nun dos principais caladoiros interiores da nosa ría, que satisfacían a demanda das "salazóns" que había en Bueu, Beluso, Loira,...

Sen dúbida ningunha, Cela, como outros lugares, non foi allea a industrialización pesqueira e conserveira que se deu en Bueu a partir dos século XIX; foron moitas a persoas que compartiron as tarefas do campo co traballo en fábricas como as de Massó, Atilio,...

Coa constitución oficial do municipio de Bueu no ano 1836, a ferigresía de Santa María de Cela pasa a formar parte deste, xunto coas parroquias de San Martín de Bueu, Santa María de Beluso, San Xoaquín de Ons, Santiago de Hermelo, San Ciprán de Aldán e San Andrés do Hío; no ano 1862, estas dúas últimas pasan ó concello de Cangas e seis anos máis tarde a parroquia de Hermelo anexiónase a veciña de Cela.

Á entrada no novo século, Cela como parroquia agrícola e gandeira, acada as cotas de produción agrícola máis altas dos seus arredores, para proba a súa numerosa cantidade de hórreos esparcidos pola parroquia; pero isto non foi só o único reflexo, no ano 1922 fundouse a asociación de labregos "El Porvenir" de Cela para "mellorar a súa condición na orde moral, económica, política e social". Dez anos máis tarde lévase a cabo a fundación doutra asociación de carácter obreiro " Sociedad obrera de oficios varios de Cela" coa fin de regular o funcionamento dos oficios existentes na parroquia e mellorar as condicións de tódolos seus afiliados. Ambas asociacións contaron cuns estatutos ós que se someteron os seu afiliados. Despois dun silencio asociantil de algo máis de corenta anos, nace en Cela a Asociación Cultural Danzadeira, ligada a un grupo de baile tradicional, o seu propósito é dinamizar todo o referente ó ámbito da cultura na nosa parroquia; a mediados dos noventa créase a Comunidade de montes comunais de Cela. De recente constitución foi a Asociación veciñal Santa María de Cela, que cos seus escasos tres anos, levou a cabo importantes iniciativas e solicitudes para o acondicionamento e mellora da parroquia.

## *Festas e romerías*

Non podemos rematar o recorrido pola nosa historia, sen facer referencia a un dos factores máis vertebradores da unión parroquial, como son as festas. Ten Cela o privilexio de ser un dos lugares onde se celebran máis de sete festexos ó longo do ano: Festa do Torrón, festa de corpus, a romería de San Lourenzo, festa de Santa María, festa de San Roque, festa do Carmen, a festa dos Mozos, A festa do Churrasco en Resille, e a máis nova, a Festa do Tinta Femia. Aparecen as primeiras constancias documentais aló polo 1600, coa celebración dunha misa na honra da nosa patrona Santa María e a posterior procesión, acompañada duns gaiteiros. Posiblemente a celebración desta festa se remonte a épocas anteriores ó século XVII, quizais dende a aparición da ferigresía parroquial. A medida que imos escalando nos séculos, a aparición de novas festas é continua: San Roque, Virxe do Carme, a festa dos mozos (aparece no século pasado) adicada a virxe dos Dolores, a festa de Corpus Christi coas súas alfombras florais, ou as recentes festas de orixe pagana que apareceron na parroquia como A festa do Churrasco en Resille e a festa do Tinta Femia que cunha curta vida, outro ano máis abre as portas ós milleiros de persoas que ata Cela se achegan a degustar un bo grollo de viño acompañado dunha tapa de pulpo da illa de Ons.



Quenes teñan a posibilidade de acercarse ata Cela, coñecerán as súas xentes, o seu traballo, e poderán disfrutar tanto das nosas praias como do noso monte, emprender un recorrido pola nosa historia, seguindo o curso dos nosos ríos e visitar os antigos muíños (o Tombo, hoxe en día restaurado), mentras saciamos a sede nunha das numerosas fontes esparcidas por toda a parroquia, podremos coñecer as casas que durante algúns séculos marcaron e tiveron sometidos os destinos desta parroquia, ou visitar a Igrexa románica do s.XII, co seu labrado pórtico, esculcante da nosa ría. Ós amantes do deporte en estado natural poderán facer a rotas sendeirística dos "abades" dende Chans ata Hermelo, pasando por Paralaya, lugares idóneos, calquera deles, para contemplar ó inmenso que no rodea, as súas entradas terra adentro nas Rías Baixas e se tal, fitar, como o fixo o bispo Xelmírez no lugar de Hermelo fai máis de dez séculos, vixiante dunhas terras que co traballo de anónimas xentes, sitúannos na dereita liña do futuro.

***Alejandro Cobas Piñeiro***

# TINTA FEMIA

## *Paixón atlántica da cor do sangue*

Naceu coma suspiro  
entre as rochas dos Castelo,  
e medrou cara o Atlántico,  
sempre, fitando as estrelas.

Estendeu as súas bágoas  
de adolescente soñadora  
nos campos dun Outono,  
(eran mananciais alimoados  
de amargo esperanzado),  
e froleceu en alegría  
unha húmida noite de primavera.

Estouparon as FIDES  
da súa femineidade,  
(nacera, cal suspiro,  
de entre as rochas do Castelo),  
e terras de marrón profundo,  
carballo claro, prometeron confiadas  
boas vides namoradas.

E medrou cara o Atlántico  
fitando as estrelas  
Semellou bicalas cando o amor  
truxo un neno da cor do sangue;  
uvas de corazón apaixonado.

O Tinto de Cela había ser femia,  
pois nacera dun suspiro  
mo monte do Castelo.

O Tinto de Cela houbo ser femia,  
porque Cela foi sempre  
sufrida muller traballadora, esperanzada.

O tinto de Cela sempre foi femia;  
foi o seu mozo amente  
o cabaleiros Oucéano galante.

Por iso medrara cara os arreáis;  
porque tumbados, xuntos  
o mar e a femia tinta,  
gustaron sempre de soñar  
futuros incertos e apaixonados,  
no infinito sempre fitando as estrelas.

**Rubén Bastón Meira**

## *Jose María Barreiro*

### O PREGONERO DA III FESTA DO VIÑO TINTA FEMIA

#### *BIOGRAFÍA*

José María Barreiro, máis coñecido entre as nosas xentes como Pepe Barreiro, naceu en Forcarei en 1940; poucos anos despois trasladouse a Pontevedra onde realizou os seus estudos de Bacharelato, alternando estes coa súa afición ó debuxo e a pintura.


No ano 1957 gañou o primeiro premio de Acuarelas en Pontevedra; catro anos máis tarde expuso por primeira vez as súas obras en Santa Cecilia de Marín.

Tras unha curta estada en París regresa a España, e fixa a súa residencia en Vigo onde compaxina o seu traballo de pintor coa de decorador de interiores. Será aquí en Vigo onde tamén ubique o seu estudio. Nestas datas coñece a Laxeiro e a Urbano Lugrís.

No ano 1968, Barreiro expón en Madrid por primeira vez na galería Toisón, con notable éxito.

No ano 1969 realiza unha viaxe a Bos Aires, invitado por Laxeiro, para facer algunhas exposicións. Aquí coñecerá a numerosos artistas : Betinelli, Forte...

De volta a España, expón na capital de súa provincia natal, na sala de arte Jofer.




Nos anos setenta realiza numerosas exposicións, en lugares como Madrid, Valladolid, Barcelona, Venezuela, Vigo, Pontevedra, Santiago de Compostela, ....

Nos anos oitenta, segue a súa magnífica carreira como artista, exponiendo en Santiago de Compostela, Madrid, A Coruña, e no seu concello natal de Forcarei, baixo o título "Homenaxe a miña terra". A finais dos oitenta Barreiro fixo a súa primeira exposición na sala de arte Durán de Madrid, onde realizará cada dous anos unha exposición ata os nosos días, sempre cun gran éxito.

Nesta última década realizou diversas exposicións no estranxeiro; New York, Miami, Bélxica...

Dende fai uns anos, Pepe Barreiro, escolleu esta nosa parroquia para fixar a súa nova residencia, embelesado pola súa paixase, a súas xentes, e como non, o seu viño Tinta Femia.





Desde cela

*Barreiro.*

# CANTÍGAS DA PARROQUIA SOBOR DO VIÑO

*Nabos hai en Lugo  
grelos en Compostela  
pero mellor luxo,  
e o tinta femia de Cela.*

*Viño tinto, Viño tinto  
que saíu da cepa torta,  
ti que te queres colar  
e eu que che abro a porta.*

*Teño ganas de beber  
Manuel trae a cabaza  
sonche desta condición,  
bebendo logo me pasa*

# cantígas

*O viño bo de Cela  
que a trinta pesetas subeu  
veñen a provalo*

*Os de Marín, Beluso e Bueu*

*Viño tinto, viño tinto  
río de de moitos colores  
cando o río leva tantos  
que frán os meus amores.*

*Bo viño hai en Cela  
pero mellor xente atoparás nela.*



# FLÁCIDO DOMINGO

...E DÍXENLLE O DA FACENDA: "SI NA ACTUAL CONYUNTURA A MIÑA DONA NON ME FAI OS DEBERES, E ISO ORIXÍNAME UNHA SERIE DE JASTOS EXTRACONYUNTURALES...¿ISO DESIRAVA?"

¿E ÉL QUE DIXO?

"SU PREJUNTA ME SORPRENDE"

¿E TÍ?

MAIS ME SORPRENDE A MÍN QUE OS "FRIJOLES" SEXA O "BIENES INMUEBLES"... PEERO POR PREJUNTAR!

¡HAY QUE AMOLARSE! ME VEU NANTRONTE UN DISES" E DESPOIS DE BOTELLAS DE DIXOME QUE VENTE.

TAMÉN A MÍN "BEATIFUL CHIMPAR TRES ALBARIDO ERA INSOL-

TRES BOTELLAS E ERA INSOLVENTE! ALIUNS TEÑEN MAIS PELIJO QUE UNHA CAIXA DE CONDOMS FURADOS NUN PASO DE ECUA DOR DE ENFERMERIA.

